# Elaboración do guión

1

## TEMA DA OBRA



O primeiro é escoller a temática da vosa obra. Podedes inspirarvos coas que se mostran a continuación:

- Igualdade de xénero
- Rexeitamento da violencia en todas as súas manifestacións
- Liberdade (sexual, de pensamento, de prensa etc.)
- Diversidade sexual
- Educación emocional (autocoidado, saúde mental etc.)
- Rexeitamento de todo tipo de discriminación (sexo, raza, orientación sexual, diversidade funcional etc.)
- Respecto aos dereitos humanos, democracia, paz etc.
- Sostibilidade e educación ambiental
- Calquera outra proposta relacionada coa educación en valores

Podedes abordar a temática da forma que máis vos guste (humor, ironía, drama ou calquera outra modalidade).

2

## ARGUMENTO

Unha vez decidida a liña temática, debedes concretar un pouco máis o argumento da obra. Para iso, podedes facer un pequeno resumo do que será a obra (abonda con 3-5 liñas).



3

## PERSONAXES



Agora é o momento de establecer os personaxes que estarán presentes na vosa obra e que permitirán desenvolver o argumento que establecestes no punto anterior. Tede en conta cantas persoas sodes no grupo e que todo o mundo deberá intervir en maior ou menor medida.

4

## GUIÓN

Chegou o momento de elaborar o guión. Deberedes redactalo conxuntamente, aínda que podedes nomear unha persoa coordinadora. Tede en conta:

- Todos os personaxes deben intervir nalgún momento.
- O guión redactarase en **galego** e é importante atender ás cuestións de corrección lingüística.
- Toda historia debe ter **presentación, nó e desenlace**.
- Tempo da obra: **entre 3 e 10 minutos.**

